

CAPELA DE SAN ROQUE, SANTA MARIA DE VIGO, (CAMBRE, A CORUÑA)

Xosé Troiano Carril

A fachada principal de traza moi sinxela, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta rectangular de acceso alintelada. Sobre o ingreso un oco cadrado de luz. Rompendo o vértice do pentágono, unha base para unha espadana dun corpo cun arco de medio punto que descansa sobre piares moldurados e que serve para aloxar a campá. O campanil remata cunha cruz flanqueado por dous pequenos pináculos piramidais.



Con respecto a campá, fáltanos as súas medidas por non poder acceder a ela. Estimamos uns 45 cm de diámetro polo cal pesaría sobre uns 53 kg. Ten xugo de madeira en mal estado e tócase a man cunha corda.

Polo que respecta a súa epigrafía podemos ollar no “Terzo” (T), que ten dous cordóns e unha inscrición: “IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1911”. A letra “N” está ó revés. Pecha esta inscrición con outros dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cunha plataforma de dous chanzos, decorada a base de selos con catro estrelas e a cruz

decorada con dúas ringleiras de estrelas. Dous cordóns pasan polo medio do pao da cruz.

No “Medio Pé” (MP), van dous cordóns continuando coa inscrición: “FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO” e rematando a decoración con dous cordóns máis. A letra “N” está ó revés.

Nota: Esta campá está feita por José Liste Villanueva, fillo de Juan Liste Pereira.



LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (1858-1927): Trala morte do seu pai, Juan Liste Pereira (1823-1909), José faise cargo do obradoiro aínda que xa levaba moitos anos traballando xunto co seu pai. Para diferenciar-las campás do pai e fillo hai que fixarse na inscrición. O pai escribía “IHS M. Y JOSÉ” e o fillo: IHS MARIA Y JOSE”. As campás feitas polos Liste van dende o ano 1839 (San Cristovo de Corzón, Mazaricos) ata o 1922 (campá pequena da igrexa parroquial de Santo André de Valadares, Lugo).